

RESUMO DA COMISIÓN DE PERSOAL

Santiago de Compostela 30/10/23

PROXECTO DE DECRETO DE OPE 2023:

A título informativo refírense que remitirán cadro de prazas da oferta libre hoxe e que son as prazas de taxas de reposición aumentadas na porcentaxe máxima que establece a Lei segundo se trate de sectores prioritarios ou non prioritarios, ata totalizar **606 prazas que inclúen 6 de entes** (IGAPE e INTECMAR).

Para promoción interna ademais da porcentaxe que se estableza das **606 prazas de OPE libre**, convócanse outras **220 prazas de promoción interna separada**.

Contéplanse tamén outras **92 prazas de funcionarización** de repesca de persoas mal asesoradas ou que non puideron participar nas convocatorias anteriores.

O próximo venres día 3 de novembro Comisión de Persoal tratará a promoción interna horizontal.

RPT DE POLITICA SOCIAL

VOTOS: a favor CCOO, CSIF e UGT. CIG **abstención**.

UGT argumenta o voto en que se crean Prazas sen facer amortizacións e que **se compromete seguir coas RPT previstas que dean cumprimento ás revisións de niveis acordadas co sindicato na Comisión de Persoal de xuño de 2022, á creación de prazas do recente acordo de condicións de traballo de Política Social do 9 de agosto, e se empraza á regulación de horario especial e dispoñibilidade do persoal afectado desta modificación de RPT, entre outras materias a desenvolver en Política Social.**

EXPEDIENTE ELECTRÓNICO

VOTOS: a favor CIG, CCOO e UGT. CSIF **en contra**.

UGT argumenta o voto **na necesidade de actualizar a ferramenta de xestión de persoal e equiparala coas doutros ámbitos da propia Xunta, que sexa útil, eficaz e áxil na resolución dos procesos de Lei 20, dos concursos, das actualizacións de listas...etc., e o compromiso de facer xornadas informativas, unha guía e que sexa aberta ás modificacións se foran precisas.**

ROGOS E PREGUNTAS:

A DXFP responde que:

- ✚ Enviarán buzóns de concurso de Axentes Medioambientais e das escalas de persoal Bombeiro Forestal.
- ✚ A proposta de actualización de axudas de custe viran en próximos días á Mesa
- ✚ Concretarase a data de sinatura de Acordo de Política Social, mantén a previsión de abono de domingos e festivos na nómina de novembro con atrasos de xaneiro a setembro

